



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

ACORDOS DA SESIÓN Ordinaria REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA DEZASEIS DE XANEIRO DE 2017.

PRESIDENTE:

PABLO DIEGO MOREDA GIL

MEMBROS:

MARIA JOSE RODRIGUEZ PEREZ JOSE CAMILO CASAL GARCIA

JOSE CAMILO CASAL GARCIA

AUSENTES:

MANUEL PEREZ RIOLA

SECRETARIA:

ANA VELO RUIZ

INTERVENTOR:

JORGE MANUEL VIDAL ZAPATERO

Na Casa Consistorial da Casa Consistorial do Concello de Cedeira, ás 12:10 horas do día martes 31 de xaneiro de 2017, reúnese a Xunta de Goberno Local co obxecto de realizar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Sres./Sras. concelleiros/as que arriba se relacionan, actuando como Secretaria a titular da Corporación, dona ANA VELO RUIZ, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 113 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións da Xunta de Goberno Local, declara aberta esta, pasándose ó estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DE 04.01.2017.

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión realizada en data 04.01.2017 e ao non producirse ningunha, a Presidencia somete a votación ordinaria a súa aprobación, da que resulta aprobada por unanimidade dos Sres./Sras. Concelleiros/as.

OUTROS ASUNTOS

2.- APROBACION DAS LIQUIDACIONES CORRESPONDENTES A TAXA POLPRESTACION DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CORRESPONDENTES AO MES DE AGOSTO DE 2016

3.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

- 4.- APROBACIÓN DO PADRÓN DE ABOADOS CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DO ANO 2016 DE SUBMINISTRO DE AUGA E SUMIDOIROS
- 5.- APROBACIÓN DO PADRÓN DE ABOADOS CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DO ANO 2016 DE SUBMINISTRO DE AUGA E SUMIDOIROS
- 6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN CONVENIO AGADIC - 1º SEMESTRE 2017
- 7.- PROPOSTA DE DAR CONTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL DA RESOLUCIÓN 722/2016 DE APROBACIÓN CERTIF.OBRA NÚM.3 DE "INSTALACIÓN PISTAS DE PÁDEL CUBERTAS"
- 8.- ASUNTOS VARIOS

PROPOSTAS ORDINARIAS

2.-APROBACION DAS LIQUIDACIONES CORRESPONDENTES A TAXA POLA PRESTACION DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CORRESPONDENTES AO MES DE AGOSTO DE 2016

Acordos adoptados:

1º) A aprobación das liquidacións correspondentes a:

- Taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar, modalidade dependencia, correspondente ó mes de agosto de 2016, cun importe de 168,15 € e se compón de 55 obrigados ó pagamento ascendendo a un total de 5.056,85 €.
- Taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar, modalidade libre concorrencia, correspondente ó mes de agosto de 2016, cun importe de 7,20 € e se compón de 13 obrigados ó pagamento ascendendo a un total de 435,39 €.

2º) Que se continúe coa recadación das cantidades.

3.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL

Acordos adoptados:

Primeiro.- Solicitar subvención á Deputación Provincial da Coruña ao abeiro das Bases do Programa de Integración Laboral mediante execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes.

Para a contratación dos seguintes postos de traballo durante 6 meses ao 100% da xornada:

nº trab	ocupación	Base de cotización	% cuota patron	cuota patron	total custo mensual	indem. fin contrato	total
4	Peóns	1.299,15€	37,80%	491,08€	1.790,23 €	1.039,32€	44.004,84€
Custos totais							44.004,84€

4.- APROBACIÓN DO PADRÓN DE ABOADOS CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DO ANO 2016 DE SUBMINISTRO DE AUGA E SUMIDOIROS

Acordos adoptados:

Aprobar o padrón de aboados correspondente ao 3º trimestre do ano 2016 de subministro de auga e sumidoiros por un total xeral de contratos de 4.278 e un importe total xeral de

**CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)**

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

186.685,88 € e a publicación do anuncio deste Padrón no Boletín Oficial da Provincia e a súa exposición ó público no taboleiro de anuncios deste Concello durante o prazo de 15 días, a efectos de reclamacións. No caso de non presentarse alegacións entenderase aprobado definitivamente o acordo provisional.

Asemade no recibo da auga inclúese o Canon da Auga, e igualmente advírtese ao contribuínte de que a falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e asemade, indícase que a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

5.- APROBACIÓN DO PADRÓN DE ABOADOS CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DO ANO 2016 DE SUBMINISTRO DE AUGA E SUMIDOIROS

Acordos adoptados:

Aprobar o padrón de aboados correspondente ao 4º trimestre do ano 2016 de subministro de auga e sumidoiros por un total xeral de contratos de 4.359 e un importe total xeral de 174.932,95 € e a publicación do anuncio deste Padrón no Boletín Oficial da Provincia e a súa exposición ó público no taboleiro de anuncios deste Concello durante o prazo de 15 días, a efectos de reclamacións. No caso de non presentarse alegacións entenderase aprobado definitivamente o acordo provisional.

Asemade no recibo da auga inclúese o Canon da Auga, e igualmente advírtese ao contribuínte de que a falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e asemade, indícase que a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN CONVENIO AGADIC - 1º SEMESTRE 2017

Acordos adoptados:

COMPañIA / ESPECTÁCULO	EMPRESA / PERSOA FÍSICA	AGADIC	CONCELLO
Sarabela Teatro - "O secuestro da bibliotecaria "	Sarabela Teatro SL	1.320,00	880,00
Fredi e Cía "O Faiado"	Alfredo Pérez Muíño	580,80	387,20
Elefante Elegante "O Rueiro das	Elefante Elegante SC	1.270,80	847,20

**CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)**

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

lirotas"			
Limiar Teatro "Don Quixote, unha comedia gastronómica (infantil)"	Carlos Martínez Carbonell	508,20	338,80
Teatro del Andamio "O Ferro"	Teatro del Andamio SL	1.306,80	871,20
A Panadaría "Pan Pan!"	Areta González Bolado	1.182,00	788,00
Ghazafellos "Rubicundo"	Ghazafellos, S.C.	840,00	560,00
Carlos Blanco "Menú da Noite"	CONDETRESP ES S.L.	2.880,00	1.920,00
TOTAIS		9.888,60	6.592,40

1.- Aprobar o "Convenio de Adhesión á Rede Galega de Teatros e Auditorios – 1º semestre 2017", da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC), e remitir dous exemplares asinados polo Sr. alcalde como representante do Concello.

2.- Aprobar o gasto correspondente con cargo á partida correspondente do orzamento municipal en vigor.

3.- Contratar a programación contida na táboa anterior polos importes indicados.

4.- Dar traslado da presente resolución aos servizos municipais de Tesourería e Intervención; así como ao de Contratación.

7.- PROPOSTA DE DAR CONTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL DA RESOLUCIÓN 722/2016 DE APROBACIÓN CERTIF.OBRA NÚM.3 DE "INSTALACIÓN PISTAS DE PÁDEL CUBERTAS"

Pola Presidencia dáse conta á Xunta de Goberno Local da Resolución de Alcaldía núm. que literalmente dí:

"RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA: APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN NÚM. 3 DA OBRA DE INSTALACIÓN DE DÚAS PISTAS DE PÁDEL CUBERTAS"

A Xunta de Goberno Local dase por enterada da aprobación da Resolución de Alcaldía núm. 722/2016 de 21 de decembro.

8.- ASUNTOS VARIOS



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Non hai

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás doce horas e corenta e cinco minutos do expresado día.